505/84

R. CASTRO

"PATRONATO ROSALÍA DE CASTRO"

PRESIDENCIA

Marzo, 24
1.984

PATRONATO ROSALIA DE CASTRO
SAIDA
DATA 27-III-84 N.º 144

D. Camilo José Cela
La Bonanova
PALMA DE MALLORCA.

Querido Camilo:

Como cada ano, estamos preparando os Actos conmemorativos do pasamento de Rosalía que, como ben sabes, celebramos na Casa-Museo en Padrón o 15 de xullo. Este ano, para que a festa sexa "rachada", cae en domingo.

Ainda que tí --por un curioso "lapsus" que non me explico ben en home tan dotado no campo da memoria-- dixeches publicamente, como poiden ver nun periódico, que si non falaras nunca na Casa de Rosalía era porque non te tiñamos convidado... permítome recordarche que non soio unha, senon duas veces tiven o honor de solicita-la tua presencia en Padrón. E sempre sucedía algo que o impedía: unha vez tiñas que estar en Puerto Rico, por compromiso previo; na outra ocasión, andabas por Oriente Medio... Eso polo menos é o que me dis nas túas cartas de resposta ó noso convite, e efectivamente logo a prensa daba noticias dos teus viaxes.

Vaia todo esto por diante para deixar claro que estabas na nosa lista de amigos sobranceiros xa fai tempo. Non me explixo como poideches esquence-las miñas antiguas súplicas.

Ben. O choi é comprometerte, con tempo dabondo, para a conmemoración deste ano, que además coincide co CENTENARIO DE "En las Orillas del Sar". O ano que ven é o Centenario do Pasamento, 1985. E imolo celebrar, si Deu nos deixa, con todo estrondo, implicando á Xunta, Real Academia, Universidade, etc. etc.

Nesta ocasión tratamos, como decote, facer un ACTO LITERARIO íntimo e sinxelo, na horta, diante da Casa-Museo, como é costume, ó que asisten bastantes persoeiros e devotos rosalianos. Mándoche un Programa do ano anterior para que vexas cómo está organizado o acto, sempre coa mesma tónica. ¿Quererías tí honrarnos sendo o orador deste ano?. O costume é que fales durante 10 ou 15 minutos, non máis. O tema, que sempre queda á elección do Orador, neste caso suxeríamos que fixera referencia á "En las orillas del Sar" ou, máis extensamente, á obra de Rosalía en castellano. Si che peta --e aceptas, como desexamos todos--, podes ter escrito o teu parlamento e lelo, en galego, claro.

Agardo a tú cordial e afirmativa resposta. Apertas fondas

P.S:
O ACTO CELÉBRASE NA CASA-MUSEO O DÍA 15 de XULLO, DOMINGO, POLA TARDE.

Sixto

Agustín Sixto Seco
Presidente

PATRONATO ROSALIA DE CASTRO - PRESIDENCIA - SANTIAGO

DOMICILIO SOCIAL:
"CASA - MUSEO DE ROSALÍA"
PADRÓN
APARTADO 267
SANTIAGO DE COMPOSTELA